

CANTIGAS RELIXIOSA E PROSA MEDIEVAL

1. Quen escribiu as 427 Cantigas de Santa María?
2. Cal é a clasificación das cantigas relixiosas?
3. Cita o esquema das cantigas narrativas.
4. A que denominamos cantigas de loor?
5. Cita dous cancioneros relixiosos.
6. Cando e con que monarca aparece a prosa galego-portuguesa?
7. Cita os tres ciclos da prosa de ficción galego-portuguesa e unha obra de cada un deles.
8. Por que dicimos que na literatura medieval había especialización de xéneros?
9. A que denominamos prosa haxiográfica e didáctica.
10. Que é a prosa historiográfica? Cita dúas obras.

SÉCULOS ESCUROS E PRERREXURDIMENTO

1. Cando falamos de Séculos Escuros, de que séculos falamos?
2. Que loita de sucesión propiciou o inicio dos Séculos Escuros?
3. Que acontecemento histórico aconteceu no Nadal de 1483 e que os estudosos consideran data simbólica de inicio dos Séculos Escuros?
4. A que denominamos literatura popular? Cita dous xéneros de literatura popular.
5. Cita dous textos cultos renacentistas e dous barrocos?
6. De que tratan as Décimas do Apóstolo Santiago?
7. Cal é a principal peza teatral do século XVII?
8. Que xénero popular dos Séculos Escuros tivo moita importancia en toda a Península?
9. Cales foron os dous grandes focos castelanizadores do XVI e do XVII?
10. De que século é a primeira gramática castelá? E a galega?
11. Foi o galego una lingua normalizada nos Séculos Escuros?
12. Por que dicimos que asistimos nestes séculos a una situación diglósica?
13. Cita aos dous ilustrados galegos máis destacados e resume o que defenderon.
14. Cando situamos a Ilustración?
15. A que denominamos literatura de circunstancias. En que anos a encadramos?
16. A que denominamos Prerrexurdimento?
17. Cita dous precursores.
18. Que movemento político xorde co Prerrexurdimento?
19. Cal é a obra máis importante de X.M Pintos? En que ano se publica e de que trata?
20. Con que obra e en que ano dá comezo o Rexurdimento pleno?

